

## **SESIÓN ORDINARIA DE 26 DE FEBREIRO DE 2.010**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e doce minutos do día 26 de febreiro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Luís Varela Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D<sup>a</sup> Sandra Abeledo Sánchez, D. Miguel Ángel López Varela, D<sup>a</sup> Vitoria Fernández Vigo, D. José Manuel Carral Méndez, D. Arcadio Lombao Román e D<sup>a</sup> Dulce María Neira Fraga, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN PLENARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2009.**

Ponse de manifesto ós membros da Corporación o acta das sesión plenaria celebrada o día 29 de decembro de 2009, cuxa copia se remitiu aos Concelleiros adxunta a notificación da convocatoria da presente sesión.

Sométese a votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

### **2.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL MATELA I.**

O sr. Alcalde inicia o debate expoñendo sucintamente os antecedentes da presente modificación así como as súas liñas principais.

Destaca o seguinte:

Preténdese modificar a ubicación da zona verde, mellorando sustancialmente a súa configuración.

Preveer un vial de conexión co polígono colindante de A Areeira, mellorando claramente a rede viaria do suelo industrial

Auméntase a superficie dos dotacionais, debendo destacarse que os estándares do Plan superan, con moito, os previstos na Lei 9/2002.

Mellórase a configuración das parcelas de resultado, particularmente a de Pretor (que, deste xeito, mellora o seu acceso aos viais), e Prefhorvisa, que pode unificar a súa propiedade de cara a unha hipotética ampliación da actividade.

Auméntase a edificabilidade do Plan, que pasa de unha edificabilidade bruta de 0,33 a 0,6, equiparándose aos restantes polígonos do área empresarial de Outeiro de Rei.

Conclúe asegurando que, dende o punto de vista do interese público, é unha modificación que mellora sustancialmente a ordenación actual ao tempo que beneficia aos propietarios do polígono.

Por iso, e en tanto dispónse dos informes favorables dos órganos competentes, propónse ao Pleno aprobar definitivamente a modificación proposta.

Fai uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, que sorpréndese da falla de previsión do planeamento da conexión entre os polígonos de Matela e A Areeira, e que agora existen actuacións de modificación da zona verde e parcelas privadas. Por iso propón que se afronte con maior detenemento e coidado a elaboración do planeamento, e que se de maior participación a Corporación na fase de formulación do planeamento, mediante a creación dunha Comisión do Pleno que facilite dita participación.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, plantéxase se esta modificación non traerá causa de evitar conflitos con PACADAR, que interpuxera un contencioso por mor da zona verde.

O sr. Alcalde resposta que non se presentou ningún contencioso con esa empresa por dita zona verde.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG mantense en dita suposición e pregúntase se realmente se aproba porque mellora o interese público. O resto das modificacións propostas parécenlle correctas.

Asemade, recorda que no inicio da presente lexislatura, propúxose polo seu grupo a creación dunha comisión de urbanismo, co gallo de favorecer a participación de todos os grupos na formación do planeamento, o que se rexeitou de plano. Agora tráese esta proposta ao Pleno coa intención de que, sen máis, lle outorguemos a aprobación.

Tráese unha proposta na que non se deu posibilidade de participación, e na que os grupos da oposición non puideron aportar os seus puntos de vista nin coñecer con certa profundidade os seus antecedentes. Iso non é de recibo.

O sr. Alcalde resposta que o Plan de Matela aprobouse no ano 1994, a proposta dunha empresa que estaba alí ubicada. Dita proposta incluía unha zona verde ao longo do linde da súa parcela. O concello aprobou a proposta, xa que permitía o asentamento de actividade económica dun xeito ordenado.

Con posterioridade, xurde unha importante demanda urbanística de creación de solo industrial, e desarróñanse os restantes polígonos, estre eles o da A Areeira, paralelo ao de Matela. Neste intre advírtese a conveniencia de mellorar a

permeabilidade viaria entre entre ambos polígonos (o vial de Matela ten unha lonxitude superior a un km), polo que o Plan de A Areeira xa prevé esta conexión viaria.

Agora adáptase o Plan de Matela a estas necesidades sobrevenidas e, en certa medida, imprevisibles no momento da súa aprobación, polo que o interés xeral da modificación é evidente.

Por outra banda, recorda que os convenios foron aprobados por este Pleno de Outeiro de Rei, momento no que xa se outorgou participación aos membros da corporación e no que se discutiu a ordenación que agora se aproba.

E o feito de que se melloren as condicións das parcelas de propiedade privada non é obstáculo para que se mellore o interés xeral, xa que o planeamento debe conxugar ambos intereses. A mellora da zona verde é evidente, e basta mirar o plano e darse un paseo por alí para constatar como a ubicación proposta é moito mellor que a vixente.

Asemade, tamén é interés xeral o facilitar o asentamento das empresas, mellorando as súas condicións urbanísticas, que é un obxectivo que tamén cumpre esta modificación.

No que toca a participación, recorda que na lóxica democrática ao Goberno correspóndelle gobernar e a Oposición controlar ao Goberno, polo que non é serio pretender o contrario.

Asemade, a lexislación de réxime local, aprobada polo Goberno do PSOE, establece unhas regras de competencia entre órganos que hai que cumprir.

Remata voltando a destacar os aspectos da modificación e a súa clara mellora no interés público, a existencia de todos os informes favorables, da actual e da anterior Xunta e o feito de que os convenios de planeamento xa foron discutidos e aprobados neste Pleno. Por iso, defende a conveniencia da aprobación definitiva.

O voceiro do BNG insiste no déficit de participación política na formación da proposta, e recorda que, se ben a lei non lle obriga a crear a Comisión, tampouco o prohibe. E xa que non se permitiu unha axeitada participación do BNG na formación da proposta, non é coherente solicitar agora a súa aprobación.

O Alcalde respóstalle novamente que cada quen ten que asumir o papel que os cidadáns e a lexislación lle outorgan, e volta a recordar que ao Goberno correspóndelle gobernar e a Oposición controlar ao Goberno, e quenes defenden o contrario son quenes queren gobernar sempre.

Pola súa banda, o voceiro do PSdG asegura que, se a misión do Goberno é gobernar, a súa misión, cando se presentou a proposta do Plan actualmente vixente, debería ser corrixir a proposta en tanto non fose coherente co interese xeral.

Por iso defende a creación dunha Comisión, xa que en asuntos importantes como éste, unha meirande participación permite unha mellor ordenación.

O voceiro do Grupo Municipal do PP, asegura que, cando o PSOE non é quen de adoptar medidas para saír da crise bestial que creou, propón crear unha Comisión, pero cando goberna sen gañar as eleccións, entón non queren Comisións.

Este xeito de actuar non é serio. Débese actuar sempre con arreglo aos mesmos principios.

Por último, recorda que xa participaron nesta proposta, coa aprobación no seu día dos convenios que recolle esta proposta.

Non obstante, destaca que levan preto de unha hora discutindo e non falaron nada do proxecto proposto. Isto debe levarnos a concluir que a proposta que se trae ao orde do día debe estar bastante ben xa que non lle verqueron crítica algunha.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Parcial de Matela.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada por seis votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular, e cinco abstencións, pertencentes aos restantes concelleiros.

### **3.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.**

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá conta do contido da proposta de modificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos:

FINCA RÚSTICA Nº 8

OUTEIRO DE REI

NOME: PARCELA Nº 604 do polígono 73 do catastro de rústica

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza patrimonial

Prescripción: rústico, agrario

SITUACIÓN:

Parroquia: Outeiro de Rei

Núcleo / lugar: Colindancia con A-VI.

Lindeiros:

Norte: parcelas 57 e 59 do polígono 73.

Sur: Autovia A-VI Madrid-Coruña. Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente e parcela 60 do polígono 73.

Leste: Estrada Provincial Outeiro-La Palloza e Parcela 59 do polígono 73.

Oeste: Autovia A-VI Madrid-Coruña

SUPERFICIE: 3.798 M2.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Antigo Monte comunal desafectado. Posesión inmemorial. Declarada mediante resolución expediente investigación de fecha de 18 de novembro de 2009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 103

VILELA

NOME: PORCIÓN VIAL EN VILELA -VILELA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: VILELA

Núcleo/lugar: VILELA

Lindeiros: Norte coa parcela 98 do polígono9; Sur e Oeste coa finca matriz; Este camiño.

SUPERFICIE: 15,60 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de outubro do 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade da finca matriz: (*Finca 10.630, Folio 16, Tomo 1529, Libro 94*). A presente porción de vial non se atopa inscrita.

PORCIÓN VIAL Nº 104

TABOI

NOME: PORCIÓN VIAL EN TABOI – TABOI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: TABOI

Núcleo/lugar: TABOI

Lindeiros: Norte, camiño; Sur, finca matriz; Este, parcela 220 de Marcelino Bodenlle Ponte; e Oeste, parcela 218 de Manuel Folgueira Novo.

SUPERFICIE: 258,64 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 13 de outubro do 2.009.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 105

NOME: PORCIÓN VIAL EN ALARGOS – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: ALARGOS

Lindeiros: Ao Norte, herdeiros de Gervasio Lombao e Elisa Lombao Lombao, hoxe parcela 8 de Francisco Lombao Lombao; Sur, Miguel Angel

López López coa parcela número 630; Este, coa finca matriz; Oeste, camiño.

**SUPERFICIE:**110,96 m<sup>2</sup>

**CARGAS:** LIBRE DE CARGAS

**TÍTULO DE ADQUISICIÓN:** Cesión urbanística, de data 2 de novembro do 2.009.

**SITUACIÓN REXISTRAL:**

Rexistro da Propiedade: A finca matriz: (Finca 8.159, Folio 15, Tomo 1050, Libro 72 ).

FINCA URBANA Nº 62

PRAZA PÚBLICA EN VICINTE

NOME: PRAZA PÚBLICA EN VICINTE

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben demanial

Prescripción: Uso público.

SITUACIÓN:

Parroquia: Vicinte.

Núcleo / lugar: Vicinte. Resultado da agrupación das parcelas 524 e 525 do polígono 42.

Descrición: urbana de 1.273 m<sup>2</sup>, , que linda: norte e leste: parcela 526; Sur: Parcelas 520, 515 e 508 do polígono 42. e Oeste: camiño municipal.

Sobor dita parcela se ubica un edificio construído polo concello, en calidade de local social.

SUPERFICIE: 1.273 m<sup>2</sup>.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión formalizada con data de 6 de setembro de 2007. Agrupación das parcelas operada mediante acordo da Alcaldía de data de 26 de febreiro de 2010.

SITUACIÓN REXISTRAL: non consta”

## FINCA URBANA Nº 64. ASIENTO CANCELADO

CANCELACIÓN ASIENTO INICIAL POR DUPLICADO CON ASIENTO “URBANA 62”

## FINCA URBANA Nº 70. ASIENTO CANCELADO

### *POLINOX*

NOME: PARCELA 1.2 NO PLAN DE SECTORIZACIÓN CCI-POLINOX.

NATUREZA DO INMOBLE:

*Ben de Natureza Patrimonial*

*Uso industrial. Edificabilidad asignada: 3.088,59m2. Cuota de participación: 6,36487%.*

SITUACIÓN:

*Parroquia: OUTEIRO DE REI*

*Núcleo/lugar: PLAN DE SECTORIZACIÓN CCI-POLINOX.*

*Lindeiros:*

*Norte: parcela 1.1 de Polinox Galicia, S.A., Sur: parcela 1.3 de Gasoleos Ceao, S.L.; Leste: parcela 1.3 de Gasoleos Ceao, S.L e Oeste: vial do sector.*

SUPERFICIE: 3.652,98 ms/2. *Edificabilidad asignada: 3.088,59m2.*

CARGAS: *Cuota de participación: 6,36487% nas cargas de urbanización.*

TÍTULO DE AQUISICIÓN:

*Finca de reemplazo asignada na escritura de reparcelación urbanística formalizada ante a Notaria de Castro de Rei, doña Monserrat Trigo Mayor, con data de 25 de marzo de 2009. Protocolo nº 342.*

SITUACIÓN REXISTRAL:

*En trámite de inscripción.*

**Enajenación de la parcela mediante acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha de 2 de diciembre de 2009. Adjudicatario: INGAPAN, S.L.”**

O sr. Alcalde informa que se trata de continuar na labor periódica de actualización e formación do inventario, que se vai producindo a medida que as disponibilidades de personal o permiten.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, pregunta polo motivo da enaxenación da parcela 70 do inventario.



O sr. Alcalde resposta que habitualmente (e así foi no orzamento do 2009) se prevé unha partida no estado de ingresos como previsión de tal enaxenación. Agora ben, esta previsión non sempre se materializa, xa que o concello únicamente vende cando se detecta unha demanda de suelo para o efectivo asentamento de unha actividade económica, que é o que aconteceu neste caso.

Pregunta o voceiro do PSdG se na enaxenación se preveeu algúnha medida para garantir a efectiva implantación da industria.

O sr. Alcalde resposta que o contrato impón un prazo de solicitude de licencia e de construción, e que se non se cumpre conleva a resolución do contrato cunha penalización do 20% do valor da parcela. Ademáis fíxase un prezo tasado de venda en sucesivas transmisións.

A filosofía do concello é que non se utilice o patrimonio municipal do suelo con fines especulativos, senón para unha creación real de riqueza e actividade económica.

Rematado o debate, sométese a proposta de rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos a votación.

Rematada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **4- MODIFICACIÓN DO REGLAMENTO DE CREACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL RELACIONADOS COA XESTIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.**

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario expón o contido da modificación, que se motiva que a información relativa a saúde dos nenos relacionada coa xestión da escola (alergias a algúns alimentos ou outros motivos que demanden tratos especiais), debe ser obxecto dun nivel alto de protección.

Rematado o debate, sométese a votación a seguinte proposta de modificación, que inclúe a redacción consolidada do texto:

#### ***“REGLAMENTO DE CREACIÓN DEL FICHERO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL RELACIONADOS CON LA GESTIÓN DE LA ESCUELA INFANTIL MUNICIPAL***

*La Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, establece una serie de medidas de obligado cumplimiento para “garantizar y proteger en lo que concierne al tratamiento de los datos personales, las libertades públicas y los derechos fundamentales de las personas físicas y, especialmente, de su honor e identidad personal y familiar”.*

*El Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en tanto gestor del servicio de escuela infantil municipal, tiene la obligación de recabar y tratar datos de los beneficiarios del servicio que, por su naturaleza, pueden afectar a su intimidad y libertad.*

*El Ayuntamiento de Outeiro de Rei pretende con la presente disposición adaptar su gestión a las exigencias impuestas por la normativa de protección de datos de carácter personal.*

*En virtud de lo expuesto, se dispone:*

*Artículo 1. Se crea el fichero de datos de carácter personal “Usuarios de la escuela infantil del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”, que se regula en el anexo de la presente disposición, en los términos y condiciones fijados en el artículo 54 del Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre.*

*Art. 2 Las medidas de seguridad para la protección de datos personales contenidos en el fichero que se crea serán las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.*

## **ANEXO I**

*Fichero “Usuarios de la Escuela Infantil del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”*

*1. Órgano responsable del fichero: Alcaldía del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.*

*2. Unidad ante la que pueden ejercitar los derechos de acceso, rectificación y cancelación, por parte del afectado: Director de la Escuela Infantil del Ayuntamiento de Outeiro de Rei. Este órgano tendrá, asimismo, la condición de encargado del tratamiento.*

*3. Denominación y descripción del fichero:*

*a) Denominación: “Usuarios de la Escuela Infantil del Ayuntamiento de Outeiro de Rei”.*

*b) Descripción: registro de usuarios del centro así como de sus representantes legales, con la finalidad de prestar el servicio de Escuela Infantil Municipal.*

*4. Tipos de datos de carácter personal que se incluirá:*

*a) De carácter identificativo:*

- Nombre y apellidos del usuario.*
- Documento Nacional de identidad del usuario.*
- Tarjeta Sanitaria del usuario.*
- Nombre y apellidos de su representante legal.*

- *Nombre y apellidos de la persona autorizada para recoger al menor.*
- *Documento nacional de identidad/pasaporte del representante legal o documento oficial análogo para los ciudadanos extranjeros.*
- *Documento nacional de identidad/pasaporte de la persona autorizada para recoger al menor, o documento oficial análogo para los ciudadanos extranjeros.*
- *Domicilio habitual del usuario.*
- *Teléfono del representante legal.*

*b) De características personales del usuario:*

- *Fecha de nacimiento.*
- *Lugar de nacimiento.*
- *Sexo.*
- *Nacionalidad.*
- *Características sanitarias de los usuarios que justifiquen cuidados especializados en las siguientes actividades: alimentación, movilidad, percepción sensorial, administración de medicamentos.*

*5. Descripción detallada de la finalidad y usos previstos: gestión del servicio de escuela infantil municipal.*

*6. Personas sobre las que se pretende obtener datos: Representantes legales de los menores usuarios del servicio.*

*7. Procedencia y procedimiento de recogida de datos: los datos son facilitados por el representante legal del usuario.*

*8. Órganos o entidades destinatarias de las cesiones previstas:*

- *Servicios Sociales de la administración autonómica.*
- *Administración judicial.*
- *Fuerzas y Cuerpos de Seguridad.*

*9. Nivel y medidas de seguridad: nivel alto. Las medidas correspondientes a este nivel son las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.”*

Efectuada a votación, a propuesta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

**5- REGLAMENTO DE CREACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL DE USUARIOS DE ACTIVIDADES CULTURALES E DEPORTIVAS DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.**

O sr. Alcalde defende a conveniencia da aprobación de este regulamento na necesidade de adaptarse a Lei Orgánica de protección de datos de carácter personal.

O contido da proposta é o seguinte:

*“PROYECTO DE REGLAMENTO DE CREACIÓN DEL FICHERO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL DE USUARIOS DE ACTIVIDADES CULTURALES Y DEPORTIVAS EN EL AYUNTAMIENTO DE OUTEIRO DE REI*

*La Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, establece una serie de medidas de obligado cumplimiento para “garantizar y proteger en lo que concierne al tratamiento de los datos personales, las libertades públicas y los derechos fundamentales de las personas físicas y, especialmente, de su honor e identidad personal y familiar”.*

*El Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en tanto organizador de actividades culturales, deportivas o de tiempo libre, recaba datos que, por su naturaleza, pueden afectar a su intimidad y libertad.*

*El Ayuntamiento de Outeiro de Rei pretende con la presente disposición adaptar su gestión a las exigencias impuestas por la normativa de protección de datos de carácter personal.*

*En virtud de lo expuesto, se dispone:*

*Artículo 1. Se crea el fichero de datos de carácter personal “Usuarios de actividades culturales y deportivas en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei”, que se regula en el anexo de la presente disposición, en los términos y condiciones fijados en el artículo 54 del Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre.*

*Art. 2 Las medidas de seguridad para la protección de datos personales contenidos en el fichero que se crea serán las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.*

#### *ANEXO I*

*Fichero “Usuarios de actividades culturales y deportivas en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei”*

- 1. Órgano responsable del fichero: Alcaldía del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.*
- 2. Unidad ante la que pueden ejercitar los derechos de acceso, rectificación y cancelación, por parte del afectado: Alcalde del Ayuntamiento de Outeiro de Rei. Este órgano tendrá, asimismo, la condición de encargado del tratamiento.*
- 3. Denominación y descripción del fichero:*

a) *Denominación: “Usuarios de actividades culturales y deportivas en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei”.*

b) *Descripción: Usuarios, beneficiarios y solicitantes de actividades culturales y deportivas de Outeiro de Rei.*

4. *Tipos de datos de carácter personal que se incluirá:*

a) *De carácter identificativo:*

- *Nombre y apellidos del usuario o representante legal.*
- *Documento Nacional de identidad del usuario o representante legal.*
- *Domicilio habitual.*
- *Teléfono.*

b) *De características personales del usuario:*

- *Fecha de nacimiento.*
- *Edad.*
- *Lugar de nacimiento.*

5. *Descripción detallada de la finalidad y usos previstos: organización de actividades culturales y deportivas por el Ayuntamiento de Outeiro de Rei, concertación de seguros de cobertura de riesgos derivados de las actividades, tramitación de inscripción en competiciones oficiales o en actos organizados por otras administraciones públicas.*

6. *Personas sobre las que se pretende obtener datos: Usuarios y solicitantes de las actividades y sus representantes legales.*

7. *Procedencia y procedimiento de recogida de datos: los datos son facilitados por los interesados.*

8. *Órganos o entidades destinatarias de las cesiones previstas:*

- *Administración judicial.*
- *Fuerzas y Cuerpos de Seguridad.*
- *Administración de la Comunidad Autónoma de Galicia.*
- *Federaciones deportivas.*
- *Diputación Provincial de Lugo.*

9. *Nivel y medidas de seguridad: nivel básico. Las medidas correspondientes a este nivel son las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.*

*10. Sistema de tratamiento de los datos: Mixto. Los datos se tratarán en soporte automatizado y no automatizado, en los términos del artículo 56 del Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre.”*

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación inicial do regulamento transcrito.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **6- REGLAMENTO DE CREACIÓN DO FICHEIRO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL DE DEMANDANTES DE EMPREGO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.**

O sr. Alcalde defende a conveniencia da aprobación de este regulamento na necesidade de adaptarse a Lei Orgánica de protección de datos de carácter personal, e explica que se aplicaría ao ficheiro que contén os datos das persoas que voluntariamente se inscriben como demandantes de emprego neste termo municipal e perante o técnico local de emprego.

O tenor da proposta é o seguinte:

*“PROYECTO DE REGLAMENTO DE CREACIÓN DEL FICHERO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL DE DEMANDANTES DE EMPLEO EN EL AYUNTAMIENTO DE OUTEIRO DE REI*

*La Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, establece una serie de medidas de obligado cumplimiento para “garantizar y proteger en lo que concierne al tratamiento de los datos personales, las libertades públicas y los derechos fundamentales de las personas físicas y, especialmente, de su honor e identidad personal y familiar”.*

*El Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en tanto gestor del servicio de promoción del empleo y desarrollo local, tiene la obligación de recabar y tratar datos de los demandantes de empleo en este término municipal que, por su naturaleza, pueden afectar a su intimidad y libertad.*

*El Ayuntamiento de Outeiro de Rei pretende con la presente disposición adaptar su gestión a las exigencias impuestas por la normativa de protección de datos de carácter personal.*

*En virtud de lo expuesto, se dispone:*

*Artículo 1. Se crea el fichero de datos de carácter personal “Demandantes de empleo en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei”, que se regula en el anexo de la presente*

*disposición, en los términos y condiciones fijados en el artículo 54 del Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre.*

*Art. 2 Las medidas de seguridad para la protección de datos personales contenidos en el fichero que se crea serán las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.*

#### *ANEXO I*

*Fichero “Demandantes de empleo en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei”*

*1. Órgano responsable del fichero: Alcaldía del Ayuntamiento de Outeiro de Rei.*

*2. Unidad ante la que pueden ejercitar los derechos de acceso, rectificación y cancelación, por parte del afectado: Agente de empleo y desarrollo local. Este órgano tendrá, asimismo, la condición de encargado del tratamiento.*

*3. Denominación y descripción del fichero:*

*a) Denominación: “Demandantes de empleo en el Ayuntamiento de Outeiro de Rei”.*

*b) Descripción: Personas demandantes de empleo empadronadas o no en el municipio de Outeiro de Rei.*

*4. Tipos de datos de carácter personal que se incluirá:*

*a) De carácter identificativo:*

- Nombre y apellidos.*
- Documento Nacional de identidad del usuario.*
- Domicilio habitual.*
- Teléfono.*

*b) De características personales del usuario:*

- Fecha de nacimiento.*
- Lugar de nacimiento.*
- Sexo.*
- Estado Civil*

*5. Descripción detallada de la finalidad y usos previstos: Labor de intermediación entre los oferentes y demandantes de empleo, así como estudio y planificación de demandas y actividades formativas orientadas al empleo. Tratamiento estadístico.*

*6. Personas sobre las que se pretende obtener datos: Demandantes de empleo.*

7. *Procedencia y procedimiento de recogida de datos: los datos son facilitados por los interesados.*

8. *Órganos o entidades destinatarias de las cesiones previstas:*

- *Administración judicial.*
- *Fuerzas y Cuerpos de Seguridad.*
- *Oferentes de empleo ubicados con domicilio en Outeiro de Rei o términos municipales colindantes.*

9. *Nivel y medidas de seguridad: nivel básico. Las medidas correspondientes a este nivel son las establecidas en el Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de protección de datos de carácter personal.*

10. *Sistema de tratamiento de los datos: Mixto. Los datos se tratarán en soporte automatizado y no automatizado, en los términos del artículo 56 del Real Decreto 1720/2007, de 21 de diciembre.”*

Pregunta o sr. Arcadio porqué se contempla o estado civil entre os datos previstos no ficheiro, xa que en ningún caso estos datos poden ser obxeto de discriminación laboral nin teñen porqué ser cedidos aos oferentes de emprego.

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario resposta que a razón de ser radica en que certas políticas públicas de integración ou igualdade laboral poden esixir a implantación de medidas de discriminación positiva para determinados colectivos (exm: familias monoparentais..), e que, por outra banda, estos datos tamén poden ser empregados con finalidades meramente estadísticas. É dicir, os datos relativos ao estado civil non teñen porqué cederse a terceiros.

Precisa a sra. Neira Fraga que unha cousa é que se recollan os datos e outra ben distinta é a quen se lle cedem e para qué se cedem.

O sr. Alcalde asegura que o regulamento o que fai é determinar o réxime de transferencia e uso de datos, do que se deriva que os traballadores municipais que manexen tales datos deberán cumprir estrictamente o regulamento.

Por outra banda, o feito de que se permita o tratamento dos datos non significa que se vaian a ceder éstos íntegramente a tódolos oferentes de emprego, nin que se lexitime o seu uso indebido por éstos.

Asemade, a aportación de datos é totalmente voluntaria, e presupón a autorización da súa cesión a quenes se identifican neste regulamento. Asemade, garantízase a posibilidade de cancelamento ou rectificación en calquer momento.

Pregunta o voceiro do BNG polo feito de que o regulamento veña redactado en castelán e non en galego.



Respóstalle o Secretario que débese a que dito regulamento ten que rexistrarse na Agencia Española de Protección de Datos en lingua castelá, xa que a Lei 30/1992 establece a obriga de redacción en castelán dos documentos que se dirixan a organismos non ubicados na CCAA de procedencia.

Replica o sr. Arcadio que, para este Pleno, ben puido ir redactado en galego.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación inicial do regulamento transcrito.

Efectuada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## **7- MOCIÓNS DO BNG CON N° DE REXISTRO DE ENTRADA 4545 E 4546.**

Retírase da orde do día a Moción con Rexistro de entrada 4546, presentada o día 24 de decembro de 2009, e relativa as Caixas de Aforro.

Iníciase a defensa polo voceiro do Grupo Municipal do BNG, da moción 4545, e do seguinte teor literal:

*“Arcadio Lombao Román e Dulce MS Neira Fraga, Concelleiros do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Corporación Municipal de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte*

### *MOCIÓN PARA INSTAR A XUNTA DE GALIZA AO PAGAMENTO EN PRAZO ÁS PERSOAS BENEFICIARIAS DA LEI DE DEPENDENCIA*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Numerosas persoas beneficiarias da Lei de Dependencia están denunciando o abandono que sufren por parte da Xunta de Galiza que non atende en prazo o pagamento das axudas.*

*O anterior goberno da Xunta viña abonando as cantidades relativas ás axudas para coidadores e coidadoras das persoas acollidas á Lei de Dependencia nos cinco primeiros días do mes. Nos últimos tempos, e coincidindo coa entrada do PP no goberno galego, o pagamento vense demorando cada vez máis; tal é o caso do mes de outubro pasado, onde a día 23 aínda estaban sen cobrar.*

*A propaganda da Xunta de Galiza pregoa que o gasto social para o ano 2010 non se vai reducir, pero a realidade é que o trato que se lle está a dar ás persoas usuarias da Lei de Dependencia contradí de plano este dato e bota por terra toda a propaganda que o PP está desenvolvendo, incluso a relativa a falta de financiación estatal que, aínda existindo, é só un dos varios problemas que a Xunta de Galiza non atende.*

*A maiores hai que indicar que dende a Xunta non se está a facilitar ningún tipo de información ao respecto, non hai literalmente a quen acudir, co cal a indefensión na que se atopa o colectivo de dependentes é patente. Coincide isto co marasmo e inacción da que fai gala a Consellaría de Traballo e Benestar, en xeral.*

*O certo é que a día de hoxe a Xunta de Galiza está aforrando o pagamento das persoas dependentes, engrosando as arcas públicas á conta daquelas persoas que máis o necesitan, as persoas máis indefensas da nosa sociedade.*

*Por isto, o Grupo Municipal do BNG somete á consideración do Pleno do Concello a seguinte proposta de ACORDO:*

*Instar á Xunta de Galiza a*

*1. Dotar nos Orzamentos para 2010 recursos suficientes para asegurar a cobertura de todas as persoas dependentes que, de conformidade co calendario de aplicación da lei, teñen dereito a recibir a súa prestación.*

*2. Pagar en prazo as prestacións que teñen recoñecidas as persoas dependentes.*

*3. A instar ao Goberno do Estado a que dote Orzamentos de 2010 de recursos suficientes para asegurar as coberturas derivadas da Lei de Dependencia, de acordo co calendario de aplicación da lei.*

*4. Manter os planos de despregamento do Sistema talego de Benestar, acelerando a apertura das residencias e centros de día xa construídos e a construción dos que xa están proxectados.*

*5. Colaborar cos concellos a través do Consorcio talego de Servizos de Igualdade e Benestar na prestación de servizos e prestacións sociais de calidade ao conxunto da poboación de Galiza.”*

Rematada a defensa da moción, toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do PSOE, nos seguintes termos:

A día de hoxe, existen en Galicia máis de 13.000 persoas dependentes que todavía non foron valoradas, e 8.500 máis que están pendentes de recibir a prestación. Dende que chegou o PP a Xunta de Galicia o incremento de solicitudes de prestación é de unhas 189 diarias.

Por outra banda, o Estado incrementou no ano 2009 a dotación para a financiación da lei en 1.158 millóns de euros, o que supón un 33% máis que no ano 2008, e para o ano 2010, prevese un incremento superior ao 30% respecto do ano 2009.

Por iso, quen ten que facer os deberes é a Comunidade Autónoma de Galicia. Recórdase que na campaña electoral prometeuse que íase a reducir a 100 días a tramitación dos expedientes de dependencia, e iso, a día de hoxe, non se cumpriu.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde, que recorda que esta lei aprobouse sen o acordo previo co principal partido da oposición. E se obtivo algún apoio foi de minorías que, logo, incumpriron a súa aplicación.

Por outra banda, a aprobación dunha lei coma esta, que recoñece unha serie de dereitos as persoas e, correlativamente, uns importantes custes económicos para as arcas públicas, debe contemplar necesariamente o seu financiamento, por que se non é así, o único que se fai, sencilla e llanamente, é enganar a xente e facer propaganda.

E esta situación é, polo tanto, responsabilidade do Goberno Central. Tamén o BNG ten algo que ver, xa que apoiou na investidura ao Goberno do sr. Zapatero, e xa que asumiron a responsabilidade deste servizo nos seus anos na Xunta de Galicia.

E él coñece casos de xente que solicitou a axuda da dependencia e morreu sen recibila, ou de xente que tardou máis dun ano en recibila. E todo iso co Goberno do bipartito PSOE-BNG.

Por iso agora sorpréndese de que se presente esta moción, xa que uns aproban unha lei sen financiala e os outros a inapricaron.

Por outra banda, piden que se aplique unha lei que non está financiada e nun momento en que o goberno do PSOE que está a deixar España con cinco millóns de parados e cunha situación económica desastrosa, e que está a recortar a financiación que lle correspondía a Galicia para desviala a outras comunidades.

Pero o Partido Popular non quere enganar a ninguén, e neste momento non existe capacidade de financiación do 100% das prestacións que recoñece esta lei, polo que non existe a posibilidade de apricala íntegramente. Pero insiste en que a responsabilidade é do Goberno do Estado, que aprobou unha lei sen financiala, enganando aos cidadáns.

Pedimos ao Goberno do Estado, que foi quen aprobou a lei, que aporte os medios necesarios para facela cumprir, e se nón, que recoñeza que se equivocou, como xa fixo, por exemplo cos salarios dos funcionarios.

Desta sairemos, porque os cidadáns de España son traballadores e intelixentes, pero necesítase alguén que poña orden.

En relación coa moción, propón modificala, no sentido de solicitar ao Goberno do Estado que garanta a financiación para o cumprimento da Lei da dependencia, xa que non é presentable que se esixa a súa financiación pola Xunta de Galicia ao tempo que, non só non financian a lei que aprobaron, senón que agora esixen que Galicia devolva 1.900 millóns de euros que lle correspondían.

O voceiro do BNG di que non modifican a moción, aseguran que xa se prevé un punto que fala do Goberno do Estado, polo que non hai motivos para modificala.

Dí que o PP leva un ano gobernando na Xunta e aínda non fixeron nada. Unicamente se dedicaron a desfacer os logros sociais acadados os anos anteriores. Installes a que se adiquen a Gobernar, que para iso están.

O voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, di que o que piden ao sr. Feijoo é que cumpra o que prometeu na campaña electoral. E no relativo a capacidade de cumprir a lei, pregúntase porqué en Galicia non se pode e noutras CCAA sí (Pais Vasco ou Andalucía, por exemplo).

O sr. Feijoo prometeu que, nos primeiros 120 días de goberno, e levamos máis de trescentos, ían a estar valoradas tódalas solicitudes, e hoxe temos 13.000 sen valorar.

Tamén dixo que nos primeiros 120 días, tódalas persoas ían a recibir, cando menos, o 50% das axudas. Tamén o incumpriu.

Tamén dixo que nos primeiros 100 días ía a reducir a unha cuarta parte os prazos de tramitación. Tamén o incumpriu.

Nós unicamente pedimos que cumpra o que prometeu.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde, que asegura que o sr. Feijoo vai cumprir todo o que prometeu e, dende logo, vai cumprir cos cidadáns moito mellor que o Presidente anterior.

En relación aos datos aportados polo voceiro do PSOE, asegura que tamén podería aportar os datos diarios de novos parados, xa que o incremento do paro tradúcese nas dificultades de financiación. Agora ben, ese tipo de discusións deben trasladarse ao Parlamento, non a o Concello, que carece de toda capacidade para definir estas políticas públicas. No concello unicamente podemos falar da filosofía da lei.

Fala de que noutras comunidades onde si se cumpre a lei de dependencia, e é lóxico, xa que son comunidades que, cando van a Madrid a pedir cartos non se lles discute practicamente nada. Aquí, sin embargo, recórtanos 1.900 millóns de euros que nos correspondían.

Pero claro, para pagar a chamada “débeda histórica de Andalucía” de algún lado teñen que sacar os cartos...

E cando hai que pagar o Estatuto de Autonomía de Cataluña, de algún sitio haberá que sacar os cartos.

E, entre outras cousas, sácanse de recortar 1.900 millóns de euros a Galicia.

Pero aquí hai unha cuestión evidente: cando un goberno aproba unha lei, ten que pagala, e o demais é enganar aos cidadáns e facer demagogia e propaganda.

Rematado o debate, sométese a votación da moción.

Efectuada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos Grupos municipais do PSdG-PSOE e do BNG, e seis votos en contra.

## **8- MOCIÓNS DO PSG-PSOE N° 532, 536 E 537.**

Iníciase este punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, da moción presentada o día 22 de febreiro de 2010, con número de rexistro de entrada 532, e do seguinte teor literal:

*“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda Dl:*

*O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 511997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 256811986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réximen xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Ráxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :*

### *MOCIÓN:*

*A situación actual na que se atopan os veciños do concello de Outeiro de Rei, fundamentalmente os labregos e gandeiros, en materia de seguridade, na parte que o Concello lle corresponde é nula.*

*Non existe normativa ao respecto nin sistema de vixilancia Municipal, todo elo considerando a disgregación a que está sometido en núcleos de poboación o noso Concello, así como o peso que ten a cabaña gandeira nel.*

*A meirande parte dos Labregos e gandeiros do noso Concello, así como outros moitos veciños, teñen a necesidade de usar os Cans como un sistema de traballo, de seguridade ou ambas, nas súas vivendas e propiedades, así como nas actividades que desenrolan tanto agrogandeiras como outras.*

*Non deixa de ser un lastre económico para todos eles o ter que pagar o seguro pertinente, así como a desparasitación, as vacinas contra a rabia , o microchip e demais gastos que elo conleva.*

*Por todo o anteriormente exposto, propono o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte,*

### *ACORDO:*

*O subencionamento total do microchip, da vacina antirabica e a desparasitación, de a lo menos dous cans por vivenda, que se adiquen a realizar as funcións anteriormente sinaladas.”*

Rematada a defensa, fai uso da palabra o sr. Arcadio, voceiro do Grupo Municipal do BNG, que pregunta se a moción vai na dirección de solicitar a subvención únicamente aos cans das explotacións gandeiras ou a todo tipo de cans, xa que, por exemplo, el ten un can e non é gandeiro.

Resposta o sr. Varela que na moción queda claro, cando se indica “actividades que desenrolan tanto agrogandeiras como outras”.

Dí o sr. Arcadio que descoñece o custe para o concello e se o concello pode afrontalo pero, en principio, non lle parece mal.

Dí o sr. Varela que a redor e tres euros por can.

Aseguran as concelleiras do Grupo municipal do PP, Pilar Méndez e Sandra Abeledo que tres euros non costa, senón que anda polos trinta ou corenta euros. Ningún veterinario vai a desparasitar o can por tres euros.

O sr. Alcalde, pola súa banda, afirma que pagar a desparasitación sería positivo, agora ben, non se pode esquecer que todos os cartos que gasta o concello saen, única e exclusivamente, dos veciños, ben mediante taxas, ben mediante outros impostos. E nunha situación económica como a que estamos a vivir, é totalmente irresponsable facer propostas desta natureza.

Por outra banda, a medida proposta na moción, aos gandeiros non lles arranxa nada. O que reamente necesitan os gandeiros, ademáis dun apoio do Goberno do Estado que non están a recibir, é uns servizos municipais que lles faciliten a vida: recollida de plásticos agrícolas, unha boa rede viaria, abastecemento de auga en condicións, reelectrificación do eido rural ... etc.

Este Concello está a axudar aos gandeiros deste xeito, creando e mantendo os servizos realmente importantes para a súa explotación. Medidas como a proposta na moción non lles arregla a situación, ao tempo que, economicamente, non é o momento adecuado, debendo priorizarse a creación e mantemento de servizos realmente importantes.

Ésto é o que se está a facer, e se acadou un nivel de prestacións e calidade comparable a calquer concello do entorno. E ésto e o que debemos a seguir facendo.

O sr. Varela insiste en que ao seu grupo parécelle importante a medida, xa que sen a vaciñación ou microchip os seguros non se fan cargo.

O sr. Alcalde expresa que é moito máis importante o apoio económico a unha asociación de defensa sanitaria gandeira para que os gandeiros teñan unha cabana gandeira en boas condicións sanitarias, que a proposta dos cans. O Concello xa está a facer un esforzo económico neste punto e seguirá a facelo. E recorda que foi pioneiro neste tipo de medidas, sendo seguido por algún que outro concello máis. Isto si que é unha medida importante.

E recordalle ao voceiro do PSdG-PSOE, que nunha situación económica coma a actual, debemos ser máis consecuentes e responsables na xestión do gasto público.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con tres votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, dúas abstencións pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do BNG, e seis votos en contra.

Continúa o tratamento do presente punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, da moción presentada o día 23 de febreiro de 2010, con número de rexistro de entrada 536, e do seguinte teor literal:

*“D. Miguel Ángel López Varela na súa condición de voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei e concelleiros/as do mesmo grupo, comparecen e como mellor en dereito proceda DIN:*

*Que o abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de Novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de Abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

### *MOCIÓN*

#### *Exposición de motivos*

*O Xoves, 10 de decembro de 2009, un grupo de 5 pequenas Cooperativas encabezadas por Arzuana anunciaban a sinatura dun preacordo de aluguer co Grupo Leite Pascual para a xestión da planta que o grupo burgalés ten en Outeiro de Rei, e que o pasado mes de Maio presentaba un Ere de excisión de contratos que afectaba aos traballadores desa factoría.*

*Dende daquela foron moitas as opcións que se barallaron para a xestión da planta ; sendo a opción que o mes de Xuño presentaban o conxunto de Cooperativas galegas lideradas por Feiraco a opción que conseguía un fito histórico despois de moitos intentos , integrar 24 cooperativas entre as que se atopan as máis importantes cooperativas galegas, que se comprometían cos produtores de leite e co conxunto do sector, sumando esforzos, en aras de conquistar a vertebración do sector lácteo e aportar a estabilidade ao mercado e ao precio do leite necesario nun momento de grave crise das explotacións leiteiras , de xeito que se garantía a viabilidade e o futuro da factoría e os postos de traballo cun proxecto que permitiría transformar 500 millóns de litros de leite anuais, avalado por unha importante auditoría ,Price Waterhouse, co compromiso do apoio económico por parte do Igape e polo que mesmo as Caixas galegas amosaban o seu interés.*

*Dende o Partido Socialista defendemos dende un primeiro momento o proxecto de base que integraba 24 cooperativas, para a xestión da planta de Pascual en Outeiro de Rei entendendo que contribuiría ao desenvolvemento e o futuro do sector lácteo galego*

*e dese xeito en multitude de ocasións reclamamos ao Goberno galego a necesidade de implicarse activamente e amosar o apoio político e a participación económica da Administración autonómica para impulsar o citado proxecto.*

*Malia a actitude da Consellería de Medio Rural foi de indiferencia, de falta de compromiso e de implicación, poñendo atrancos ao proxecto integrador que defendían o conxunto de cooperativas galegas que agochaba o tento de control do sector lácteo por parte do goberno da Xunta, favorecendo un proxecto claramente sectario, partidista e interesado, pouco beneficioso para o conxunto do sector, sen importarlle afogar ao conxunto das cooperativas galegas, comprometendo o desenvolvemento futuro de sector lácteo, perdendo a última oportunidade para sentar as bases do grupo lácteo galego, unicamente interesados en resolver os problemas financeiros de 5 cooperativas que casualmente están vencelladas ao Partido Popular, imputadas por un delito de fraude por leite negro, cuxo proxecto que aporta apenas 150000 litros diarios non garante a viabilidade futura da factoría, os postos de traballo e a recollida aos produtores.*

*Deste xeito as 5 cooperativas encabezadas por Arzuana que conforman Alimentos lácteos despois de case dous meses que asinaron o precontrato con Pascual para a xestión da planta de Outeiro de Rei non foron quen de sumar a produción de leite necesaria para garantir a actividade da factoría sementando a inseguridade e intranquilidade entre os traballadores/as cos que non mantiveron ningún contacto e quedescoñecen as condicións nas que pasarán a formar parte da plantilla da nova empresa Alimentos lácteos.*

*Mentres o Conselleiro de Medio Rural segue agochado sen implicarse para garantir unha solución integradora e de futuro para a factoría de Pascual en Outeiro de Rei que contribua ao desenvolvemento do sector lácteo galego.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponho ao Pleno desta Corporación a adopción do seguinte*

#### *ACORDO*

*O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Goberno Galego a:*

*1) Levar a cabo tantas medidas sexan necesarias, e implicarse activamente para defender e apoiar un proxecto de futuro para a planta de Pascual en Outeiro de Rei de base cooperativa forte, que posibilite a integración en igualdade de condicións ás cooperativas galegas.*

*2) Amosar o apoio institucional, compromiso da Xunta de Galicia e apoio económico para garantir a viabilidade da planta, os postos de traballo e a recollida aos produtores, que permita aportar estabilidade ao mercado, ao prezo do leite e acadar a vertebración do sector lácteo comprometéndose a sentar as bases para a creación do grupo lácteo galego.”*

Rematada a defensa da moción polo voceiro do Grupo municipal do PSdG-PSOE, toma a palabra o sr. Arcadio, voceiro do Grupo municipal do BNG, que apoia o contido da moción, se ben teme que sexa demasiado tarde.



Recorda que o BNG xa presentou perante este Pleno, no ano 2009, e cando aínda se estaba en negociacións, unha moción na que se solicitaba o apoio da Xunta. Esa moción foi aprobada por unanimidade no Pleno, se ben a Xunta xa tiña outra visión do problema, non lle interesaba que o proxecto presentado por un grupo encabezado por Feiraco asumise a xestión da planta, polo que non se puido levar a cabo, e a pesar de que unha consultora evidenciou a solvencia económica do proxecto.

O resultado é que a planta a colleron unhas cooperativas con problemas económicos, que alugan a planta porque non poden mercala. Xa se verá como remata esta aventura.

Fai uso da palabra o sr. Pardo Lombao, como voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, recordando que, no seu parecer, cando o Concello non ten competencia sobor unha materia, como o tema de Pascual, debe limitarse a discutir a filosofía das políticas e accións das administracións competentes. E iso porque falar aquí, neste Pleno, de solvencia económica e outros datos, cando nin vimos as contas nin temos capacidade técnica para enxucialas, é falar por falar.

En calquer caso recorda que o Partido Popular ten unha visión económica da economía moi distinta ao BNG ou PSOE, e que é unha visión menos intervencionista. E esta diferenza obsérvase moi nitidamente cando ten a ocasión de gobernar, xa que os resultados económicos saltan a vista.

Neste caso sucede o mesmo. É certo que aprobouse por unanimidade unha moción neste Pleno na liña presentada polo BNG, se ben no seu momento explicouse que se apoiaba, a pesares de non estar convencidos, xa que o realmente importante era acadar unha solución para a planta de Pascual, fora a que fora. E tamén recorda que o seu grupo propuxera introducir na moción un parágrafo que vinculaba o apoio a viabilidade do proxecto, fora o que fora.

O que sucede é que o BNG cree que a política fai a economía, e por eso a este país lle vai como lle vai. E por iso en Galicia a xente se pronunciou tan claramente nas últimas eleccións.

Ojalá tódalas cooperativas galegas se puxesen de acordo en crear un gran grupo, e que ese grupo asumira, entre outras cousas, a planta de Pascual, pero eso implica que as cooperativas terían que poñerse de acordo libremente. Non se lles pode impoñer que chegen a un acordo, e tampouco se lle pode impoñer a Pascual que chegue a un acordo con un grupo de cooperativas en particular.

Pero o tempo puxo as cousas no seu lugar e a planta está novamente a funcionar.

E parece que o BNG ve política en tódalas partes, e cree que tal ou cal cooperativa é dun partido político ou de outro. Pero iso é falso, pode ser algún directivo determinado, pero non a cooperativa, que agrupa a produtores de ideoloxía tan diversa como diversa é a sociedade. Pero os directivos que pretenden facer política dende a cooperativa equivócase, porque unha cooperativa é unha empresa económica que debe loitar polo seu e na que se integran cooperativistas de tódalas ideoloxías políticas.

Insiste en que son os axentes do mercado quen se teñen que poñerse de acordo, e a Xunta non lles pode obrigar a poñerse de acordo.

Por outra banda, na moción fálase de que as “cooperativas galegas, que se comprometían cos produtores de leite”. Pero o él é un produtor de leite e con él ninguén se comprometeu, nin coñece a ningún gandeiro co que se comprometesen tales cooperativas. Eso é pura propaganda.

Ao Partido Popular dá-lle igual que cooperativas collesen a planta de Pascual, o realmente importante é que se puxese a funcionar, e é o que se fixo. A Xunta non pode obrigar as empresas a poñerse de acordo nin pode beneficiar a unha empresa en perxuízo das restantes, unicamente está para respaldar e axudar os proxectos viábeis. Estamos nun Estado que reconece constitucionalmente o libre mercado e non se pode nin debe facer outra cousa.

Resposta o voceiro do Grupo municipal do PSdG-PSOE, que o Partido Popular échese a falar de cooperativismo, e aproba unha lei de cooperativas, que pretende favorecer o cooperativismo, e cando hai unha proxecto común de vinte e catro cooperativas avalado por un informe de auditoría, non o apoia, senón que apoia ao proxecto de cinco cooperativas.

Noutros sectores adóptase decisión de apoio a determinadas empresas, outorgando avales ou achegas. Aquí non se fixo nada, salvo apoiarse ao proxecto menos viable dos presentados.

Agora o que debería facerse é facilitar a integración en igualdade de condicións das outras cooperativas, que segue a ser apoiar ao cooperativismo. Por iso esta moción non está desfasada.

Pola súa banda, o sr. Arcadio pregúntase porqué as cooperativas que agora están a levar a planta, e que presentaron o proxecto inicialmente coas restantes cooperativas, saíuse deste proxecto e presentou un moito menos solvente, e pregúntase porqué a Xunta apoiou, precisamente, este proxecto. Danlle que pensar estas circunstancias.

Insiste o voceiro do BNG que o que lle importa non é que cooperativa colla a planta, senón que quen a colla sexa viable, xa que se está a xogar con postos de traballo e coa xeración de riqueza.

O sr. Pardo Lombao ratifícase no xa dito, e anuncia que está disposto a apoiar a moción sempre que se modifique no sentido de instar as cooperativas para que abran negociacións para que se integren o maior número posible de cooperativas, e formar un gran grupo lácteo. E dirixirse a Xunta de Galicia para que o apoie.

Intervén o sr. Varela, para aclarar se na enmenda da moción inclúese a integración en condicións de igualdade.

Resposta o sr. Pardo que non, xa que o Concello non é quen para impoñer condicións en negociacións entre empresas.

Se as cooperativas acordan unhas determinadas condicións de integración, non é lexítimo impoñer outras condicións diferentes.

Con esta moción se pretende impoñer a Xunta o respaldo dun proxecto concreto, a favor de unhas empresas determinadas e, ademáis, dun proxecto que nunca chegou a existir, porque nunca chegou a pecharse un acordo entre as cooperativas dese proxecto.

E por outra banda, nos non podemos obrigar a Pascual a chegar a un acordo con un ou con outro. E polo que el sabe, a planta de Puleva de Nadela está en venda, e a ninguén se lle ocorre obrigar a Puleva a que a venda a quen queira a Xunta de Galicia.

É falso o que se di na moción de que non se apoiou a un proxecto de 24 cooperativas, xa que nunca houbo tal proxecto.

Por último, o sr. Alcalde propón que se modifique a moción, no sentido de que na parte dispositiva conste: “propoñer a Alimentos Lácteos que se inicien as negociacións para que se integren o máximo número de cooperativas posibles, e instar a Xunta de Galicia e ao Goberno Central, para que apoie a integración de cooperativas”.

O voceiro do PSdG-PSOE di que a enmenda di o que xa di a moción, salvo polo da integración en igualdade de condicións, polo que propón manter a moción.

O voceiro do PP asegura que non se pode decidir as empresas o que teñen que negociar, senón que débese garantir que se dan as circunstancias para a xeneración de riqueza e postos de traballo.

O voceiro do PSdG-PSOE mantén a redacción inicial da enmenda,

Sométese a votación a aprobación da moción tal e como foi transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE e do BNG e seis votos en contra.

Continúa o tratamento do presente punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, da moción presentada o día 23 de febreiro de 2010, con número de rexistro de entrada 537, e do seguinte teor literal:

*“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda Di:*

*O voceiro do disposto nos artigos 97 da Lei 511997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :*

*MOCIÓN:*

*Recentemente celebrouse na cidade de Cádiz o II Cumio Europeo de Mulleres no Poder, coincidindo coa presidencia Española da Unión Europea, e a instancias dos gobernos de España e Reino Unido. Así, se aprobou a xa coñecida como a "Declaración de Cádiz, Cara a unha sociedade máis eficaz e sostible" subscrita por ministras e líderes políticas dos Estados membros da UE.*

*Unha das conclusións foi que a igualdade entre mulleres e homes é unha condición previa para o crecemento sostible, o emprego, a innovación, a competitividade e a cohesión social.*

*Quedaron perfectamente definidos os compromisos da Comisión Europea de cara ao 2010 respecto da promoción da igualdade e a adopción de estratexias que reempracen a actual follla de ruta.*

*A participación e a representación das mulleres nos niveis máis altos de responsabilidade e toma de decisións é escasa, especialmente no eido da economía e da política. Así, o aumento do nivel formativo das mulleres non se corresponde ca súa presenza nos espazos de toma de decisións, incluídos os postos directivos das grandes empresas e aqueles nos que se xera novo coñecemento. Este déficit de representación supón, ademais dun déficit democrático, unha perda do talento das mulleres para o conxunto da sociedade, especialmente no actual contexto socio económico.*

*Sabemos que a calidade da democracia require unha participación equilibrada de mulleres e homes nos espazos de representación e constitúe un elemento indispensable para consolidar modelos inclusivos que se apoiem na innovación, na solidariedade e na sustentabilidade.*

*O acceso de máis mulleres a postos de decisión política favorece a incorporación da igualdade en todas as accións dos gobernos e o acceso de máis mulleres a postos de decisión económica contribúe, non so a promover a igualdade senón tamén a acadar os obxectivos en materia de crecemento sostible, emprego, competitividade, excelencia científica e cohesión social.*

*Por todo o anteriormente exposto, propoño o Pleno desta Corporación a adopción do seguinte, ACORDO:*

*O Concello de Outeiro de Rei comprométese a traballar para asegurar unha participación equilibrada de mulleres e homes en todos os espazos de responsabilidade desta en local.*

*O Concello de Outeiro de Rei porá en marcha as accións de sensibilización necesaria promover a corresponsabilidade de mulleres e homes no eido doméstico.*

*O Concello de Outeiro de Rei adhírese á "Declaración de Cádiz, cara a unha sociedade eficaz e sostible", subscrita por ministras e líderes políticas dos Estados membros i*

*Darase traslado deste acordo ao Parlamento de Galicia, ao Ministerio de Igualdad e ao Parlamento Europeo."*

Rematada a defensa da moción, o voceiro do Grupo municipal do BNG, expresa a súa conformidade co texto da moción, que califica máis que nada como unha declaración de intencións.

Pola súa banda, o voceiro do Grupo municipal do PP entra a valorar o contido da moción nos seguintes termos:

- O primeiro punto, relativo a “*O Concello de Outeiro de Rei comprométese a traballar para asegurar unha particil equilibrada de mulleres e homes en todos os espazos de responsabilidade desta en local*”, non o pode aprobar, xa que neste concello traballan moitas máis mulleres que homes e non queremos botalas a rúa. De aprobar esta moción debería reducirse no concello o número de mulleres traballadoras, e eso é impresentable.
- O segundo punto tampouco pode aprobarse, xa que di “*O Concello de Outeiro de Rei porá en marcha as accións de sensibilización*”, e o Concello de Outeiro de Rei leva máis de dez anos realizando este tipo de actuacións, a través do Plan de Igualdade, de realización de cursos a mulleres e homes de igualdade.... etc.

Engade que, incluso no eido de representación política, o grupo do PP ten maior representatividade de mulleres que o do PSOE.

E no relativo ao feito de que no concello de Outeiro de Rei traballen moitas máis mulleres que homes, débese a que, no seu momento, cando se efectuaron as probas selectivas, o fixeron mellor. E pretender que, a partir de agora, o Concello non poida contratar máis mulleres e unicamente poda contratar homes é un absurdo. Non se pode facer este tipo de discriminacións.

No relativo a declaración de Cádiz, non ten ningún inconveniente en adherirse, polo que propón ao Grupo municipal do PSdG-PSOE, a eliminación dos dous primeiros puntos da moción, acordando unicamente a adhesión a dita declaración.

O voceiro do PSdG-PSOE non acepta a modificación da moción, xa que o seu contido é unicamente unha declaración de intencións.

Conclúe o Alcalde que quedou perfectamente claro que a moción é pura propaganda, porque recoñecer que o Concello cumpre con todo o que pide a moción e negarse a modificala alegando que unicamente é unha declaración de intencións e un perfecto exercizo de demagogia.

Sométese a votación a aprobación da moción tal e como foi transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con cinco votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE e do BNG e seis votos en contra.

## **9. - ROGOS E PREGUNTAS.**

Plantéxase neste punto o escrito presentado polo Grupo municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 24 de febreiro de 2010, baixo o título de MANIFESTO “GALIZA TEN DEREITO” EN FAVOR DA FUSIÓN DAS CAIXAS GALEGAS, e do seguinte teor literal:

*“Galiza ten dereito*

*Estamos asistindo a un proceso de reordenación bancaria, impulsado polo Banco de España e o goberno central, que conleva o risco de que Galiza perda as súas caixas de aforro pola deslocalización dos seus centros de decisión, e que estas entidades de carácter social se transformen en entidades financeiras privadas.*

*Frente a este risco, as institucións galegas de autogoberno reaxiron. O Parlamento galego adoptou por unanimidade o acordo de establecer como prioridade o mantemento da galegitude das caixas, a súa solvencia, e a necesidade de tramitar por urxencia a reforma da Lei galega de Caixas.*

*O Parlamento de Galiza aprobou por ampla maioría unha reforma da Lei de Caixas que democratiza estas institucións, fai a súa xestión máis transparente, reforza as facultades do autogoberno para defender o sistema financeiro propio e supervisar a actuación das caixas, e que garante que estas entidades sexan efectivamente alavancas de desenvolvemento da economía produtiva do País.*

*A resposta do Goberno central a este acto de afirmación do autogoberno galego non pode ser máis desalentadora: presentar un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Caixas de Galiza que conleva a paralización da súa aplicación nun momento decisivo, o que pode colocalas na situación idonea para que sexan absorbidas por entidades foráneas.*

*Sen a fusión das dúas caixas galegas, Galiza ficaría sen sistema financeiro propio, perdendo un dos principais instrumentos para o seu desenvolvemento económico.*

*Conscientes da gravidade da situación, manifestamos:*

*1.- Galiza ten dereito a ter un sistema financeiro eficiente ao servizo do País, regulado polo seu Parlamento, como expresión do autogoberno. É vital, por tanto, preservar a Lei de Caixas de Galiza.*

*2.- Galiza ten dereito a que o Estado respecte o autogoberno galego. Que non nos dean tratamento de autonomía de segunda, cuestionando a constitucionalidade da lei galega, si non se fixo coaa basca, a catalá ou a andaluza. Por que se recorre a nosa e non a deses outros territorios? O Goberno central debe reconsiderar o asunto e aceptar que as institucións galegas de autogoberno, dentro do marco competencia) vixente, teñen capacidade para dotarnos do marco xurídico que se considere máis acaído paradesfender os intereses de todas as galegas e galegos, como ordena o Estatuto de Autonomía de Galiza.*

*3.- Galiza ten dereito a propiciar a fusión das súas caixas. O goberno central tamén debe aceptar que as institucións galegas teñen tanto dereito como as de calquera outra Comunidade Autónoma para impulsar unha fusión dentro do país, cando se cumpren as mesmas condicións. Galiza ten dereito a preservar e garantir a galegidade das caixas galegas coa súa fusión. Unha fusión paritaria, da que xurda unha Caixa solvente como mellor garantía para os seus traballadores, os impositores e todas e todos os galegos.*

*Está en xogo boa parte do noso futuro, a dignidade do noso autogoberno e perto de 80.000 millóns de euros en activos, isto é, a maior parte do aforro das galegas e dos galegos. Está en xogo que ese aforro se invista aquí ou se desvíe cara a financiar o desenvolvemento doutros territorios.*

*Galiza debe defender o seu. Ten dereito.”*

Os concelleiros dos Grupos municipais do BNG e do PP, manifestan a súa adhesión a este manifesto. Adhesión de que rexeitan os concelleiros do Grupo municipal do PSdG-PSOE.

Finalmente, o voceiro do Grupo Municipal do PP presenta unha moción non incluída na orde do día, xustificando a moción na dificultísima situación económica que están a atravesar os autónomos e os pequenos empresarios pola crise económica, e que se agrava polo feito de que teñen que pagar o IVE de facturas non cobradas. Isto esixe a inmediata adopción de medidas legislativas como a plantexada.

Sométese a votación a declaración de urxencia da moción.

Efectuada a votación, a urxencia resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

A continuación, o voceiro do Grupo municipal do PP inicia a defensa da moción, cuxo teor literal é o seguinte:

*“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI DO GPP NO CONGRESO DOS DEPUTADOS PARA QUE AUTÓNOMOS E PEMES NON TRIBUTEN POLO IVE DAS FACTURAS NON COBRADAS*

*O Grupo Municipal Popular, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:*

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*E comúnmente aceptado que o colectivo de traballadores autónomos é pemes son dos que teñen mais importancia dentro do mercado de traballo pola súas diversas funcións de empregadores, xeradores de actividade económica e outras de calado social, como as de fixación da poboación no entorno ou a de mantemento de oficios e actividades en risco de desaparición.*

*E sabido que nos momentos alcistas do ciclo económico a súa actividade coma empresarios é crucial para explicar o dimensionamento do mercado laboral e o gran aumento da empregabilidade. Tendo en conta a estrutura productiva da economía galega e a carencia de grandes empresas, son os autónomos e pequenos empresarios os que asumiron a responsabilidade de seren, coma colectivo, os principais creadores de emprego na nosa Comunidade.*

*As cifras do colectivo son abrumadoramente significativas, en Galicia mais de 230.000 persoas pertencen a este colectivo, e representan 1 de cada 4 afiliados a Seguridade Social na nosa CA, e son mais do 70% das pemes galegas.*

*Traballadores autónomos e pequenas e medianas empresas están yéndose moi afectadas pola crise económica que atravesamos no país. O número de autónomos afiliados á Seguridade Social estase a reducir e consecuentemente a creación de empresas.*

*Asimesmo, autónomos e PEMES están atravesando os mais graves atrancos e son os que atopan mais dificultades para obter financiación. A maioría das PEMES que acudiron a unha entidade para solicitar crédito tiveron problemas para obtelo.*

*Por todo elo, o Congreso dos Deputados, a instancia do Grupo Parlamentario Popular, aprobou o 21 de abril de 2009, unha Proposición non de lei relativa á medidas fiscais para mellorar a liquidez de PEMES e autónomos que non cobren as súas facturas.*

*A pesares do tempo transcurrido, o Goberno non deu cumprimento ao mandato do Congreso dos Deputados, polo que o 8 de outubro de 2009 se promoveu unha proposición de lei para modificar a Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, co fin de eximir a PEMES e autónomos da obrigaón de tributar por IVE polas facturas non cobradas.*

*O pasado día 9, o Congreso dos Deputados acordou por unanimidade a toma en consideración da antedita Proposición de Lei.*

*Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Popular somete para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación a seguinte:*

#### *PROPOSTA DE ACORDO:*

*O Pleno do Concello de Outeiro de Rei acorda apoiar a tramitación parlamentaria, para que se produza coa máxima axilidade, ata a aprobación da Proposición de Lei de modificación da Lei 37/1992 de 28 de decembro do IVE, para permitir a PEMES e autónomos non tributar polo IVE das facturas non cobradas,*



*dando traslado deste acordo plenario ó Parlamento de Galicia, á Xunta de Galicia, e ao Goberno de España.”*

Rematada a defensa da moción, e non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, resulta aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as quince horas e cincuenta e tres minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde